



coñecer a tuberculose




XUNTA DE GALICIA



¿que é a tuberculose?

A tuberculose é unha enfermidade infecciosa e contaxiosa causada por unha micobacteria, tamén chamada bacilo de Koch. A maioría das veces a enfermidade afecta ó pulmón, aínda que pode afectar a calquera parte do corpo.

O síntoma máis frecuente nunha persoa enferma de tuberculose é a tose, que acostuma durar máis de tres semanas, pero pode haber outros síntomas como febre, cansazo, dor no peito, esputos con sangue, sudoración nocturna, perda de apetito ou de peso, etc.



consultas externas



¿como se contaxia?

Contáxiase por vía aérea. Dende a lesión pulmonar dun enfermo, o bacilo sae coa respiración e pode infectar a outras persoas. Isto ocorre sobre todo cando o enfermo con tuberculose respiratoria tose, fala ou ri. A tuberculose doutros órganos do corpo habitualmente non é contaxiosa.

O maior risco de infección téñeno as persoas que comparten a vivenda ou outros locais pechados, durante tempos prolongados, cun enfermo tuberculoso con lesión pulmonar. Raras veces




se contaxia se o contacto co enfermado é esporádico, pois habitualmente necesítanse varias horas de convivencia a diario para infectarse.

Os conviventes que inhalan os bacilos poden infectarse. De cada dez persoas que se infectan unha desenvolverá a enfermidade nalgún momento da súa vida, ás veces incluso moitos anos despois de ocorrer esta infección. Os infectados que non desenvolven a enfer-

midade non a contaxian a ninguén, e poden permanecer infectados pero sans toda a súa vida.

Só contaxian os infectados que chegan a desenvolver a tuberculose con lesión no pulmón. Polo tanto, haberá formas de tuberculose que contaxian e outras que non.



¿por que uns infectados desenvolven a enfermidade e outros non?

Iso depende de varios factores:

Estado das defensas de cada persoa. As persoas coas súas defensas diminuídas, como poden ser as persoas desnutridas, as que toman medicamentos que baixan as defensas, as que teñen a infección polo VIH, etc., teñen un maior risco de chegar a desenvolver a enfermidade tuberculosa, se se infectan co bacilo da tuberculose.

Tempo e proximidade de convivencia cun enfermo contaxioso. Os conviventes da familia e os compañeiros de aula de estudos, ou local de traballo do enfermo contaxioso, teñen maior risco de infectarse e tamén de desenvolver a enfermidade.


Grado de contaxiosidade do enfermo. Se o enfermo é moi contaxioso, ademais de ser maior o risco de infectarse dos seus contactos, tamén é maior o risco de que a infección progresa a enfermidade.

Coa proba da tuberculina podemos saber qué persoas están infectadas co bacilo da tuberculose.

A proba da tuberculina, tamén chamada Mantoux, consiste na inxección dun reactivo na pel do antebrazo, para a comprobación, dous ou tres días despois, se hai reacción no lugar da inxección. A reacción positiva aseméllase á producida pola picadura dun insecto.

A proba infórmanos se unha persoa está infectada ou non, pero non se está enferma, posto que moitas das persoas positivas á proba non chegarán a desenvolver a enfermidade nunca.


¿como se sabe se unha persoa está infectada co bacilo da tuberculose?




**¿como sabemos se esas
persoas positivas á
proba da tuberculina
desenvolveron ou non a
enfermidade?**

■ Ás persoas positivas á proba da tuberculina o médico faralles unha exploración, que inclúe unha radiografía de tórax, coa que poderá saber se desenvolveu a enfermidade tuberculosa no pulmón.

Se na radiografía de tórax se observa lesión no pulmón, o médico solicitará probas no esputo, para tentar de confirmar a enfermidade e ver o seu grao de contaxiosidade, xa que non todas as tuberculoses son contaxiosas ou igual de contaxiosas.





¿a enfermidade

tuberculosa

ten tratamento?

Si.


O tratamento é moi eficaz, aínda que ten o inconveniente de que ten unha duración de, alomenos, 6 meses.

Facer ben o tratamento, coa periódica supervisión médica, é garantía de curación.

Para aumentar a eficacia do tratamento, ás veces é necesario que sexa persoal sanitario o que administre cada toma de medicación, e faga un seguimento diario do paciente.

Un tratamento mal realizado pode agravar a enfermidade, e dificultar ou impedir a súa curación.

6 meses



¿pódese previr a enfermidade?

Si.

Os conviventes con enfermos contaxiosos e outras persoas con elevado risco de desenvolver a enfermidade deben facer as probas da tuberculina.

Algúns dos conviventes que resulten positivos á proba da tuberculina, e que non desenvolveron a enfermidade, poden beneficiarse dun tratamento preventivo, que impide que cheguen a enfermarse no futuro, e consiste na toma dunha ou dúas pastillas diarias durante 6-12 meses.

O médico aconsellará ou non a toma desta medicación preventiva, dependendo do risco que teña a persoa infectada.



conviventes

¿que precaucións

se deben tomar

no domicilio dunha

persoa diagnosticada

de tuberculose

contaxiosa?


O enfermo con tuberculose contaxiosa debe gardar illamento domiciliario o tempo que lle indique o seu médico, e non acudir a locais públicos, traballo, escola, etc. e, en caso necesario, debe levar unha máscara sempre que entre en contacto con terceiras persoas. Durante este tempo evítase a entrada de nenos na estancia do paciente.

O enfermo debe usar un cuarto individual, e a ser posible soleado, que deberá ventilarse varias veces ó día, mantendo a porta pechada o maior tempo posible, especialmente cando se ventila.

O paciente ó tusir ou espirrar cubrirá o nariz e a boca con panos desbotables, e así mesmo recollerá neles a expectoración. Tanto os panos desbotables como as máscaras recolleranse nunha bolsa de plástico para botalas na bolsa do lixo.

O cuarto do enfermo limparase a diario con panos ou fregonas húmidas. Nunca se usarán vasoiras ou aspiradores que poidan levantar o po no aire.

A tuberculose non se contaxia a través dos vasos, pratos, cubertos, roupas, etc.



PROGRAMA GALEGO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA TUBERCULOSE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Emigración